

# O Voceiro de Chandebrito

xullo de 2008 / nº 1

voceiro da Asociación Veciñal e Cultural Chandebrito 1807



## A Asociación Veciñal e Cultural Chandebrito 1807

En xullo de 2007 un grupo de veciños e veciñas desta parroquia tiveron a idea de crear unha nova asociación veciñal e cultural para reclamar a posta en marcha dunha serie de melloras en obras e servizos e loitar pola conservación e posta en valor do rico Patrimonio cultural e natural da parroquia.

**O** día 1 de xullo de 2007 créase a Asociación "Chandebrito 1807" co fin de contribuír a que se dote á parroquia de Chandebrito das melloras necesarias en obras e servizos e de loitar pola conservación e posta en valor do Patrimonio cultural e natural de que dispón esta parroquia que, ata hai pouco tempo, sufriu diversos ataques: Petroglifos e incluso o emblemático Castro, sufriron danos de consideración, como tamén o medio ambiente en lugares próximos a este.

Conforman este colectivo: Silvia Costas (presidenta), Patricia Gómez (vicepresidenta), Carlos Gómez (secretario), Jorge Costas (tesoureiro) e Josefa Romero (vocal), e xa recibiron o apoio de varios veciños e veciñas.

Dende o inicio da nosa andaina, elaboramos informes e realizamos un extenso traballo onde se recolleron 38 bens culturais non inventariados, documentos entregados hai uns meses na Consellería de Cultura e no Concello de Nigrán para a súa protección. Así mesmo, está previsto realizar unha labor educativa para que as futuras xeracións sexan o máis conscientes posibles de que hai que respectar ese patrimonio. Tamén se realizaron trípticos co roteiro histórico da parroquia e solicitouse a condición de Ben de Interese Cultural para o Castro.

Consideramos transcendental a elaboración dun PXOM de Nigrán dentro do máximo respecto a ese patrimonio, para o cal esta asociación estará presente no Consello Sectorial, para o que xa recibiu asesoramento. Hai diversos asuntos que se deben resol-



Muíño das Loureiras, (s. XVIII), un dos oito da parroquia sen inventariar.

ver axiña, xa que son moi necesarios para todo o pobo, e así llo expuxemos ao alcalde e concelleiros en varias reunións, ademais de dirixirnos á Xunta e á Deputación Provincial, como son: viais a mellorar (estrada de Pracíns, rúa das Rozadas, pista de Lapela e sinalización da estrada de Chandebrito e dos límites da parroquia); mellora do transporte público (solicitando a ampliación do percorrido do bus urbano nº 29 de Vigo); construción da rede de sumidoiros para Tomadas e Rozadas e completar o das Laxes, Pracíns e Igrexa; control da velocidade excesiva na Rúa das Laxes; solicitude de recollida de vertidos en varios puntos; reordenación de colectores do lixo; instalación de canles dixitais no repetidor de TV das Rozadas; son entre outras, as solicitudes presentadas

En canto ás demandas de mellora da estrada de Pracíns, o día 15/11/07 presentamos solicitude na Deputación Provincial, instándoa a que iniciase as obras. O 15 de xaneiro, as asociacións de veciños de Vincios, Camos e esta mesma, tivemos unha xuntanza para formalizar unha petición conxunta de realización das obras de mellora do citado vial con carácter urxente, que se presentou na Deputación días despois, xunto cun plano do tramo pendente de arranxar.

Tras diversas reclamacións, en abril o presidente da Deputación contestou a esta Asociación que *"este ano levarase a cabo unha 1ª fase, consistente en mellorar a capa de rodadura para o tramo que está en peor estado"* anunciándose en xullo o comezo inmediato das obras.

### Chandebrito cumpriu 200 anos

Despois de que en 1783 o Bispo de Tui iniciara expediente para a desmembración dos catro barrios do actual Chandebrito da freguesía de Camos á que pertencían (o primeiro documento oficial data de 1777 e dous anos despois o bispo visitará o lugar), "*mandamos se reciba información de testigos que declaren la distancia que hay desde la Iglesia de Camos al lugar de Chan de Brito*", constrúese a Igrexa neste sitio no 1785. Mais o proceso de separación vaise paralizar ata 1804, finalizando coa solicitude do Bispo ao Rei, quen dita o 2 de outubro de 1807 "*la erección de una nueva vicaría en Chandebrito y sus agregados*".

No ano 1806, Chandebrito contaba con 207 habitantes (*almas*), e a 1 de abril de 2008 ten un total de 518 habitantes (2,82 % da poboación do municipio), o que supón un incremento de 16 persoas dende 1997.

### Carreiras ilegais na pista de Lapela

A pista forestal da Lapela, que conduce a Valadares, pavimentada a finais do ano pasado pola Consellería de Medio Rural grazas ás xestións do actual concelleiro de Vías e Obras de Nigrán, converteuse en improvisado circuíto de velocidade, segundo denunciou o concelleiro de UCN, Antonio Fernández, quen observou na tardiña de Reis case vinte mozos e bastantes coches, e incluso lle pediron que tivese coidado se subía a pista.

Este edil lamenta a reacción da Policía local cando informou dos feitos, xa que estes o acusaron de crear alarma social cando o que quería era que tomasen medidas de prevención. Xa no día de fin de ano de 2006 algún veciño observou cómo diversos vehículos facían carreiras ilegais, avisando dos feitos á Garda Civil, pero estes non se persoaron no lugar.

### A CoGAVe integra un vocal do Val Miñor

O 6 de abril, as Asociacións Veciñais de Galiza reuníronse en Vigo para elixir aos membros do Consello Permanente da Confederación Galega da AA.VV. Rosalía de Castro, quedando presidida por Elena González e dezasete membros máis, entre os que está Carlos Gómez, secretario da AVC Chandebrito 1807, elixido vocal polo Val Miñor.

### O Concello rehabilitará unha vivenda nas Rozadas

O 25 de marzo, o Concello de Nigrán sacou a concurso a obra de rehabilitación dunha infravivenda unifamiliar no lugar do Alto das Rozadas, por importe de 65.325 euros e cun prazo de execución de 6 meses, polo que se agarda que estea rematada antes de finalizar este ano.

Trátase dunha antiga casa de pedra moi deteriorada dunha familia natural do lugar que agora vive noutra vivenda alugada coa colaboración do Concello.

### Aprobada a liña eléctrica Chandebrito-Fraga

A Consellería de Industria aprobou e autorizou en abril de 2007 o proxecto de Fenosa para a instalación dunha liña subterránea a 15 kv. de 2.820 m. de lonxitude, dende o transformador de Chandebrito ata o de Fraga/Fragoselo (Coruxo). O prazo de posta en marcha da instalación estaba previsto para antes de finais de xuño deste ano.

### Varios cabalos causaron danos en diversas propiedades

Nos últimos meses véñense producindo danos nas leiras polos cabalos que baixan polos montes de Valadares e Vincios. Aínda que unha veciña denunciou ante a Garda Civil estes feitos, segue sen resolverse o problema, e entre finais do ano pasado e principios deste, os veciños tiveron que vallar máis de 1.000 m. de perímetro de parcelas por baixo do barrio da Igrexa para evitar o acceso destes animais, algo que xa aconteceu no ano 2000.

### Medio Rural investiu máis de 100.000 euros en Chandebrito no ano 2007

A anterior Xunta Rectora da Comunidade de Montes de Chandebrito xestionou no ano 2006 ante a Consellería do Medio Rural da Xunta diversas inversións.

Esta investiu na parroquia no ano 2007 un total de 59.959 euros na mellora da capa de rodaxe do Camiño da Lapela, dende A Igrexa a Valadares (a través do PEIM-Rural), xestionada polo actual tenente de alcalde, David Giráldez; outros 24.050 euros a través das axudas para traballos silvícolas, solicitadas pola anterior Xunta Rectora para melloras en 20 Has. de piñeiro no monte de Sanomedio; así como 17.347 euros na mellora de 7'2 kms. de pistas forestais nos montes de Regamán, do barrio da Igrexa; 2.435 euros na mellora de 2 Has. de cortalumes e 1.087 euros en tratamentos silvícolas no monte do Costal, preto de Valladares (convenio Monte Regamán).

### Recuperada a Fonte do Cocho de Abaixo

En marzo deste ano, grazas as xestións feitas pola Asociación Chandebrito 1807, levouse a cabo a recuperación da **Fonte do Cocho de Abaixo**, localizada preto do cruce da Rúa Pracíns coa de Chandebrito, recuperando así o patrimonio da nosa parroquia ao tempo que se aproveita a auga.

Destá maneira son xa catorce as fontes de uso público coas que conta o pobo de Chandebrito.



Fonte do Cocho de Abaixo.

## Consello Sectorial do PXOM

O pleno do Concello de Nigrán aprobou en xaneiro o expediente para contratar a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal e o 28 de maio a creación, composición e organización do Consello Sectorial do PXOM, formado por un membro de cada colectivo e dous de cada asociación veciñal, entre elas, a A.V.C. Chandebrito 1807. A empresa que elaborará o Plan é a UTE Tinsa-Arnáiz.

O prezo de licitación era de 225.000 euros, e a Xunta subvencionará o 80% do custo. O prazo para entregar o traballo definitivo é de 18 meses, co obxectivo de aproballo inicialmente no verán do 2009.

## A USC menciona importantes especies naturais nas Chans de Rapadoiro

As Chans de Rapadoiro contan con importantes especies naturais segundo se menciona no boletín da Universidade de Santiago "Nova Acta Científica Compostelana", do ano 2006. Aparece no artigo "Aportaciones a la flora de Galicia, VIII: *Nardus stricta* L. Pontevedra: (...); Nigrán, Chandebrito, As Chans, landa húmeda, 29TNG1968, 310m, 10-06-2005, A. Rodríguez González (LOU 30994) (...)" (Nome científico da planta, neste caso unha herba chamada popularmente "cervún"; concello e lugar onde foi recollida; hábitat; coordenadas xeográficas do lugar; altitude; data de recolección; persoa que a recolleu; herbario no que foi depositada -centro de formación forestal de Lourizán- e número de prego).

## Un veciño resultou ferido ao envorcar o tractor que conducía

Un veciño de Chandebrito resultou ferido o día 5 de abril ao envorcar o tractor que conducía nun lugar do monte coñecido como "As Regueiras", preto dos límites con Coruxo e Valadares. Ao parecer, M.G.F., de 52 anos de idade, conducía o seu tractor cargado de leña, cando ao cambiar a marcha esta non entrou correctamente facendo virar ao vehículo e, ao saltar do mesmo, danou varias costelas, polo que foi trasladado en ambulancia ao hospital vigués de Povisa, onde permaneceu case 20 días.

Tamén na madrugada do 10 de xullo, outro veciño, A.M.L., resultou ferido leve tras empotrar o vehículo que conducía contra o muro da vivenda núm. 12 da Rúa das Laxes, despois de arrancar o valo da Fonte das Laxes, por causas que se descoñecen. Ao lugar trasladouse unha ambulancia e a Policía.

## O concelleiro de Cultura felicita á A.V.C. Chandebrito 1807

O concelleiro de Cultura de Nigrán, o nacionalista Xosé Lois Gutiérrez Soto, felicitou a esta asociación pola iniciativa da publicación do boletín informativo "O Voceiro de Chandebrito", pioneiro na información xeral desta parroquia, recoñecendo a importante labor que desenvolve este colectivo neste sentido e animándoo a continuar nesa mesma liña.

## A concelleira máis nova de Galiza é da parroquia

Dende o ano pasado, Chandebrito conta coa primeira muller concelleira da historia da parroquia, quen ademais é a máis nova de Galiza. Estela Pérez, de 22 anos de idade, do PSOE, é concelleira de Educación e Turismo, e convértese na duodécima concelleira de Nigrán veciña de Chandebrito. Nos últimos cen anos tan só houbo seis concelleiros de Chandebrito: Manuel Sanromán Rial (1917), Rogelio Rodríguez (1931), Emilio Domínguez (1941), Manuel Rodríguez (1967), Manuel Domínguez (1981) e Anselmo Rodríguez (1991).

## Participación no Entroido de Nigrán

O 2 de febreiro, a Asociación Veciñal e Cultural Chandebrito 1807 xunto coa Asociación de Veciños de Priegue, participou no desfile do Entroido organizado polo Concello.

Construíron unha carroza representando á casa do Concello, e baixo o título "Pola herencia do tío Pepe estamos a velas vir", pasearon polas rúas de Panxón representando os males que afectan ao Concello.



Comparsa de Chandebrito e Priegue do Entroido de Nigrán 2008.

## Documentos históricos na Rectoral de Chandebrito

Hai pouco tempo soube-mos que nos anos 80 se descubriu, na Casa Rectoral de Chandebrito, parte dun exemplar dun diario católico editado en Tui denominado "La Integridad", datado no 13 de maio de 1895 e que aínda se conserva, que ten un poema de Rosalía de Castro. Pertenceu ao cura párroco Manuel A. Fernández, o mesmo que aumentou e reparou a Igrexa parroquial.



Periódico "La Integridad".

## PSOE e PP repiten resultados e o BNG incrementa apoios nas eleccións locais e xerais

Os resultados das últimas eleccións locais e xerais na parroquia de Chandebrito, pertencente ao distrito 1, sección 2, mesa C foron os seguintes:

Eleccións Chandebrito	Censo mesas	Votos emitidos	Partic. %	Votos nulos	Votos brancos		BNG		PP		PSOE		EU-IU		OUTROS	
					Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
Xerais 2008	412	314	76,21	3	2	0,64	51	16,40	123	39,55	128	41,16	1	0,32	6	1,93
Locais 2007	408	303	74,26	1	3	0,99	73	24,17	94	31,13	116	38,41	--	--	16	5,30
Xerais 2004	392	309	78,83	3	3	0,98	31	10,13	125	40,85	136	44,44	4	1,31	7	2,29

## Chandebrito onte e hoxe

As imaxes que observamos a continuación corresponden á Fonte do Castro, situada ao norte do Castro de Chandebrito. Esta fonte foi construída no ano 1993 pola Comunidade de Montes e permaneceu nese estado ata o ano 2005, data na que se reformou tal e como se aprecia na foto da dereita.




Foto da fonte tomada no ano 2004.



Foto da fonte tomada no ano 2005.

Estas outras imaxes corresponden á Fonte das Laxes, situada no cruce da rúa das Laxes coa rúa do Torreiro. Esta fonte foi construída por Florentino Rial no ano 1933 e reformada polos veciños/as no ano 2004, co resultado que se amosa na foto da dereita.



Foto da fonte antes da reforma do ano 2004.



Foto da fonte despois de ser reformada.

## Ocorreu hai...

### 200 anos:

O 3/01/1808, á saída da misa, os veciños e veciñas coñecen o contido da carta de 2/10/1807 do Rei Carlos IV na que se dá conformidade á solicitude do Bispo de creación da parroquia desmembrada da de Camos “*vicaría perpetua en el lugar de Chandebrito y sus agregados*”.

A apertura do expediente data de 1783, aínda que esta loita por conseguir ter igrexa propia para non ter que ir á lonxana de Camos comeza anos antes.

### 50 anos:

Unha acta da Falange do 23/07/58 di “*Obras a realizar el próximo año: terminación de la carretera de Chandebrito a Fragoselo* (rematou a principios dos anos 70). *Grupo escolar de niños y niñas con una vivienda en la Iglesia. Lavadero cubierto de cinco plazas en Tomadas. Construcción del camino de Pías. Cubrir el lavadero del Barrio Iglesia.*”

### 25 anos:

No ano 83, meses despois de quedar clasificado o monte veciñal da parroquia, apróbanse os primeiros estatutos da Comunidade de Montes de Chandebrito, baixo a presidencia do empresario Manuel Rguez. Sanromán.

### 10 anos:

Primeiro curso do Colexio Estudio en Chandebrito, despois da súa inauguración o 15/09/97.

O 26/12/97 a Comunidade de Montes presenta o libro “Historia de Chandebrito”, realizado polo Clube Espeleolóxico Maúxo. Nese ano, integrantes dese Clube descubriron xacementos arqueolóxicos do Paleolítico, unha mámoa, restos dun muíño rupestre e moedas onde se atopaba a capela de Sanomedio. Un ano despois, Eduardo Méndez descubre restos do neolítico nas Chans de Rapadouro (Faro, 12/11/98).

O 25/06/98 o Faro de Vigo informa de que Comuneiros de Vincios e Chandebrito litigan por uns lindes no

monte, no lugar de Casa de Couso (poucos anos máis tarde acordan deslindar polo Penedo Redondo). En 2003 comeza a realizarse o deslindamento deste monte e do de Sanomedio.

En xuño de 1998 realízanse obras de mellora nas rúas da parroquia, segundo un convenio asinado entre a CMVMC de Chandebrito e o Concello de Nigrán, aportando cada un a metade dos 12 millóns de ptas. en que se valoran as obras.

### 5 anos:

O 1/12/02 ten lugar o primeiro acto cultural de Chandebrito organizado pola A.VV. O Castro, unha actuación da banda de gaitas Xarabal de Vigo e unha exposición de música tradicional.

O 13/03/03 a A.VV. O Castro, ao pouco tempo de constituírse como veciñal e cultural, asina o primeiro convenio co Concello para actividades culturais, realizándose o I certame literario e de debuxo. Tamén comezan as clases de gaita.

O 28/03/03, tras reclamar ao Concello o comezo das obras de construción da rede xeral de sumidoiros, ten lugar unha protesta dos veciños ante o pleno municipal.

O 17/05/03 realízase na parroquia o primeiro debate que se coñece entre os candidatos á alcaldía de Nigrán.

O 30/08/03 ten lugar a primeira festa gastronómica da parroquia, a “I Festa do Chourizo”.

No verán do 2003, o Concello acorda modificar as Normas Urbanísticas en Chandebrito para legalizar o 80 % dunhas 50 vivendas con expediente de infracción urbanística a raíz de denuncias no 2001, o que desencadeou mobilizacións dos veciños e a reanudación da actividade da A.V. O Castro.

Coñécese a intención do goberno municipal de incluír no PXOM un campo de golf entre Chandebrito e Priegue, que ocuparía máis de 700.000 m<sup>2</sup>, proxecto abortado no 2006 ao non aprobarse o citado Plan.

## O recuncho dos nomes e apelidos

**O lugar de Pracíns.** Tamén escrito nos s. XVIII, XIX e XX, como “Pracines” ou “Paracines”. O orixinal sería: “Paracinis”. Este nome pode falarnos dunha ocupación na Idade Media. “*Para*”: (lat. per ad) (lat.: parare = preparar). Pra: forma sincopada de “para”, converténdose en para. “*Cinis*” (lat.) (cinsa: cinzas, farruxa: referido a terras virxes queimadas para colonizar polos campesiños. Polo tanto, é un topónimo referido a antigas queimas para a roturación do monte. A tradición oral di que no “Horto” construíronse as primeiras casas de Chandebrito.

**O apelido González.** É o terceiro apelido máis usado en Galicia: 175.985 (LM) persoas o levan. Existe en toda a Península agás nas áreas vasca e catalá. En Portugal é usado coa forma Gonçalves. Na súa orixe áchase o nome

persoal Gundisalvus que é “un dos 15 nomes masculinos máis frecuentes en Galicia a partir do século X”, nome xermánico formado por \*gunthi “loita” e \*salvus, corrente na onomástica xermánica masculina pero que non ten sido ben explicada. Gundisalvus evoluiu a varias formas, entre elas as que remataron sendo Gonçalvo e Gonçalo/Gonzalo, que deron lugar a apelidos patronímicos mediante a sufixación -ez/-es: Gonçalves (portugués) e González (galego, asturleonés e castelán).

En Chandebrito, no ano 2007 había 41 persoas que levaban este apelido (8%) (18 persoas no primeiro e 23 no segundo apelido), empatando en número cos Iglesias e só superado por Otero (50), Costas, Fernández, Pérez, Rial e Rodríguez.

## O pobo opina

Valoración dos líderes políticos da Corporación Municipal de Nigrán de 0 a 10 puntos, resultado da media das valoracións das 20 enquisas feitas entre os veciños e veciñas na nosa parroquia:

Efrén Juanes Rodríguez (PSdeG – PSOE)... 6,7  
David Giráldez Fernández (BNG)..... 6,1  
Alberto Valverde Pérez (PP)..... 4,7  
Antonio Fernández Comesaña (UCNigrán)... 3,1

### Mil atletas disputaron unha proba de campo a través en Chandebrito

O campionato provincial de campo a través, organizado pola Dirección Xeral para o Deporte, celebrouse o pasado 10 de febreiro, nas Chans de Rapadouro en Chandebrito, no cal colaborou o propio Concello.

Na presentación deste evento estiveron M<sup>a</sup> Jesús López, delegada de Deportes de Pontevedra; Xosé L. Gutiérrez, concelleiro delegado; Eleuterio García, vicepresidente da Federación Galega de Atletismo e Isidoro Lira, presidente.

A fase do campionato galego desenvólvese cada ano nunha provincia e de aí saen os/as futuros atletas, que

logo competirán en instancias maiores. Reuníronse máis de mil atletas procedentes de centros escolares, agrupacións deportivas e outros, para competir en catro categorías, masculina e feminina: benxamín, alevín, infantil e cadete.

Establecéronse cinco circuitos (de 480 m., de 760 m., de 1.240 m., a cola de saída de 130 m., e a cola de meta de 90 m.) e dúas clasificacións: individual e por equipos. Para o campionato galego clasifícanse os dous mellores equipos e os seis primeiros atletas segundo a orde de entrada na meta, de cada provincia, por catego-

ría e sexo. O campo de fútbol de Chandebrito acolleu este evento deportivo no que se implicaron unhas 60 entidades da provincia, o que dá fe do interese que esperta a competición e da capacidade de organización.

A Sociedade Atlética Val Miñor acadou 3 medallas de ouro por equipos e 2 ouro, 3 pratas e 3 bronce en individual. Na categoría alevín feminino, Sandra Rodríguez fíxose co 1<sup>o</sup> posto, tras percorrer 1.460 m. en 6,12 minutos. En canto ao infantil feminino, Jenny Fernández conseguiu o 1<sup>o</sup> posto percorrendo 1.940 m. en 6,59 minutos.



Un momento da carreira no que se pode ver a numerosa participación.



A Sociedade do Val Miñor conqueu varios premios.

### O Chandebrito veteranos remata a liga no sexto posto

O grupo B da terceira división da Liga de fútbol de veteranos de Vigo, rematou o seu campionato o pasado día 1 de marzo coa derrota do Chandebrito por 4-3 contra o Limpiezas Almi.

O equipo da parroquia finalizou na sexta posición con 40 puntos, disputando 26 partidos dos cales gañou 12, empatou 4 e perdeu 10, conseguindo 60 goles a favor e 50 en contra.

O primeiro clasificado deste grupo foi o Construcciones Álvarez Lago, con 64 puntos, 77 goles a favor e 39 en contra, equipo que xoga en Chandebrito os partidos da casa.

O torneo da Copa, disputado en marzo e abril, finalizou con malos resultados para o Chandebrito.

A Agrupación de Veteranos de Vigo e a súa comarca desenvolveu un calendario especial para eles ata o mes de xuño, e tamén se realizará o Memorial Estévez e o Torneo Agrupación.

O equipo do Chandebrito Veteranos fundouse no ano 2004, e ten o seu terreo de xogo no Pozo de Rapadouro en Chandebrito.

A súa plantilla actual conta cuns 15 xogadores, dos cales once son da parroquia: Modesto Figueroa "Tito", Marcos Domínguez, Beni Davila, José M. Fernández Rial, Carlos Pérez, Servando Freiría, Pablo Rodríguez, Juan Otero, Manuel Pérez "Tito", Jose Fernández e Miguel Fernández.

### Melloran as instalacións do campo de fútbol

A concellería de Obras e Servizos do Concello de Nigrán, dirixida polo nacionalista David Giráldez, atendeu a petición de melloras no campo de fútbol feita no mes de marzo pasado pola Asociación Veciñal e Cultural Chandebrito 1807.

A obra realizada consistiu en dotar á parte norte do campo de fútbol de rede sobre postes metálicos, mellorando as instalacións do mesmo, algo que tamén reclamaba dende hai tempo o equipo de fútbol de Veteranos de Chandebrito.

### Silvia Costas Comesaña é a mestra e directora da Escola de Educación Infantil de Chandebrito e leva á fronte da mesma dende setembro de 2007. (Entrevistámola en abril 08)

#### ¿Que tal se portan os alumnos/as?

Non podo ter queixa, polo xeral pórtanse ben, mostran unha actitude moi aberta e comunicativa e comprenden ben as cousas. Cada quen ten a súa personalidade e forma de actuar, pero son conscientes disto e é increíble cómo se respectan, penso que as persoas adultas deberíamos aprender moitas cousas deles. Aínda que de vez en cando xorden conflitos, o importante é que somos capaces de resolvelos e seguir sendo amigos. Forman un grupo con personalidade propia e se compenetran moi ben, é o grupo no que me sinto máis cómoda desde que empecei a traballar; son a miña primeira titoría, xa que ata setembro só dera clases de música, psicomotricidade e apoio.

#### ¿Poderíase definir a si mesma en tres palabras?

Activa, sensible e máis despistada do que me gustaría (sempre ando coa axenda para non esquecer nada).

#### ¿Que actividades se desenvolven no centro?

O meu obxectivo é que as actividades no centro gocen da variedade e motivación necesaria que permitan aos nenos e nenas manter a ilusión e o ánimo por aprender. Dende principio de curso temos dous días á semana Psicomotricidade e outros dous Música. Decidín crear un oco especial para estas dúas materias dentro do horario lectivo dada a relevancia que teñen no desenvolvemento global dos nenos e nenas destas idades. A escola está nun Programa de Anticipación en Lingua Estranxeira e vén unha profesora de Inglés dúas horas á semana e unha vez á semana realízanse actividades de Audición e Linguaxe cunha profesora especialista. Estamos experimentando moito coas Novas Tecnoloxías na aula a través de programas especializados en Educación Infantil que permiten crear actividades propias e adaptadas ao que se está a traballar en cada momento.

Teño solicitado un encerado dixital na Consellería para o ano que vén e me dixeron que probablemente nolo dean. Neste curso realizamos varias excursións: en outubro visitamos un muíño de Chandebrito e recolleemos follas no monte. Tamén visitamos a Biblioteca de Ceán en Nigrán, onde



Escola de Educación Infantil de Chandebrito.

disfrutaron dunha magnífica contacontos. En febreiro fomos ao MARCO e realizamos actividades sobre “O paso do tempo”. No vindeiro trimestre imos ir ao auditorio Caixanova de Vigo a ver unha obra de teatro e ao Zoo de Vigo.

Debo sinalar as actividades organizadas por Teixugo: taller de xoguetes con materiais reciclados, creación dunha horta na que plantamos diferentes sementes e en xuño realizaremos unha excursión á praia para observar os animais que hai. Estas actividades son subvencionadas polo Concello de Nigrán. Ademais, festexamos o Magosto, Xamaín, Nadal, Entroido e está previsto festexar os Maíos e o fin de curso en Panxón.

#### ¿Como atopou a escola cando chegou e que modificacións se fixeron na mesma dende entón?

A escola estaba moi ben organizada xa que a anterior mestra era moi ordenada no seu traballo e non tiven que facer moitas modificacións. Puxen ao meu gusto a aula principal e a de psicomotricidade e adquiriuse novo material educativo.

#### ¿Que obxectivos que se marca?

Son moitos e refírense ás diferentes áreas do currículo de Educación Infantil, pero para min o fundamental é que os cativos sexan felices na escola e desenvolvan as súas habilidades sociais, que se relacionen entre si sabendo aceptar e respectar as súas diferenzas pero sen perder a propia personalidade. Isto é básico de cara a conseguir no futuro persoas

críticas, responsables e respectuosas. O resto xa chegará, teñen moitos anos por diante para aprender conceptos.

#### ¿Cal é a relación coas nais e pais dos alumnos/as? ¿E coa Administración educativa?

A relación cos pais e nais é moi boa e colaboran sempre que se require. Coa Administración tamén hai boa relación, sempre que tiven algún problema ou dúbida resolvéronma rapidamente; as dotacións económicas son moi boas dado o escaso número de alumnado e non hai problemas ao adquirir material didáctico.

#### ¿Cal cre que é o futuro da escola?

Iso está nas mans das persoas que viven en Chandebrito e depende de que se matriculen nenos e nenas. Sei que hai un par de anos estiveron a piques de pechala, e así terminará se a cousa non mellora. Falamos das Administracións, pero somos a cidadanía quen non facemos nada por manter o que temos. Coñecendo as propias características físicas da escola (a min encántanme), as actividades que nela se realizan e a relación estreita entre familia e escola, paréceme lamentable que chegue a desaparecer. Non sei cal é o motivo que leva ás familias a decantarse por outras escolas, pero este ano non houbo ningunha nova matriculación aquí. Coñezo perfectamente a cada un dos meus alumnos e alumnas e podo actuar individualmente con cada un, dun xeito que nunha clase moi numerosa sería case imposible. Iso é un privilexio.

## Pasatempos

Localiza nesta sopa de letras o nome das catro parroquias que limitan coa de Chandebrito



## Guía de Servizos

### Colexios:

- EEI de Chandebrito, rúa da Igrexa, 2-Chandebrito.  
Teléfono: 986363370  
e-mail: [eei.chandebrito@edu.xunta.es](mailto:eei.chandebrito@edu.xunta.es)
- CPC Colexio Estudio, rúa das Laxes, 31-Chandebrito.  
Teléfono: 986 363224 - Fax: 986 363234

### Cafeterías:

- Bar O Petróleo, rúa de Chandebrito, 13.  
Teléfono: 986 363381
- Bar Tenda D'arriba, rúa da Igrexa, 29-Chandebrito.  
Teléfono: 986 363161

### Tendas Alimentación:

- Tenda D'arriba, rúa da Igrexa, 29-Chandebrito.  
Teléfono: 986 363376

### Autobuses ATSA (hora de chegada a Chandebrito):

- Chandebrito-Coruxo-Vigo ás 6:57.
- Chandebrito-Nigrán ás 7:50.
- Chandebrito-Baiona ás 20:25.
- Vigo-Nigrán-Chandebrito ás 20:25 (sae ás 19:30).

### Colaboran:



Deputación de Pontevedra



Concello de Nigrán



La Caixa - Nigrán

## Racións de Humor

Por teléfono:

- Telepizza, ¿qué desexa?
- Madalenas, ¡non te amola!

¿Por qué o casado está máis gordo que o solteiro?

Porque o solteiro chega á casa, abre a neveira e di: "Joder, o de sempre", e vai para cama.

O casado chega, abre a cama e di: "Joder, o de sempre", e vai á neveira.

## Contacta con nós

No correo electrónico [cmchandebrito@yahoo.es](mailto:cmchandebrito@yahoo.es) ou no teléfono 667380223, para máis información, publicación de anuncios gratuítos, envío de cartas á redacción ou se queres colaborar.

### Teléfonos de outros servizos de interese:

- Concello Nigrán: 986 365000.
- Biblioteca municipal: 986 383979.
- Xulgado de Paz da Ramallosa: 986 350026.
- ORAL A Ramallosa: 986 350351.
- Centro Médico Panxón: 986 365042.
- Médico Xunqueira-A Ramallosa: 986 352737.
- Ambulancias Miñor: 986 352011.
- Taxis Nigrán: 986 365409.
- Correos Nigrán: 986 365848.
- Servizo augas Nigrán (Aqualia): 986 365948.
- Servizo recollida de lixo (Cespa): 900 700111.
- INEM (Baiona): 986 355005.
- Facenda (Vigo): 986 202411.
- Seprona (O Porriño): 986 331331.
- Garda Civil Tráfico: 986330135.

### Urxencias:

- Policía Local: 986 383929 e 696 440390.
- Garda Civil Baiona: 986 355027.
- Garda Civil Gondomar: 986 360040.
- Protección Civil Nigrán: 986 365589.
- Emerxencias: 112. Urxencias Sanitarias: 061.
- Bombeiros: 080. Lumes Forestais: 085.



Rúa Otero Pedrayo, 3 . Gondomar  
Tel. 986 38 93 38

